



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### PROFESIONAIS E CLIENTES DE ABANCA REALIZARON MÁIS DE 1.500 DOAZÓNS NA CAMPAÑA ESPECIAL DESENVOLVIDA NAS UNIDADES MÓBILES DE ADOS

- ***A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue desprazouse a pasada semana ata as inmediacións das oficinas principais de ABANCA en 27 concellos galegos***

**Santiago, venres 21 de xuño de 2019.-** A campaña de doazón promovida a pasada semana pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) e ABANCA acadou unha elevada participación, que se reflicte nas 1.510 doazóns efectuadas por profesionais e clientes do banco durante a semana do 10 ao 15 de xuño.

Esta iniciativa achegou as unidades móbiles de ADOS ata lugares próximos ás oficinas principais de ABANCA nun total de 27 localidades. Nas xornadas previas, a entidade facilitou información, tanto aos seus profesionais como aos seus clientes, sobre esta campaña, distribuíndo material divulgativo sobre a importancia deste xesto solidario e informándolles sobre as visitas das unidades móbiles.

#### **Elevada participación**

ADOS quere salientar que, das máis de 1.500 doazóns recollidas, un total de 104 correspóndense con persoas que doaron por vez primeira. Así mesmo, lembrar que as localidades ás que abrangueu esta iniciativa especial foron: A Coruña, Cedeira, Cesuras, Ferrol, Narón, Noia, Ordes, Oleiros, Porto do Son, Pontedeume, Santiago de Compostela, Lugo, Monforte, Monterroso, Vilalba, Mondariz, O Carballiño, Ourense, Viana do Bolo, Arbo, Caldas de Reis, Cangas, Poio, Tui, Vigo, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa.

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue desexa amosar o seu máis sincero agradecemento a ABANCA polas facilidades prestadas para o desenvolvemento desta iniciativa e salienta que, grazas a esta elevada participación, poderanse levar a cabo unhas 755 intervencións cirúrxicas e transfundir plaquetas a 250 enfermos oncolóxicos.

#### **Traxectoria de colaboración**

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue desexa amosar o seu agradecemento a ABANCA polas facilidades prestadas para o desenvolvemento desta iniciativa que xa ten precedentes coas campañas de doazón de sangue realizadas entre os seus profesionais, reflexo do compromiso desta entidade co solidario xesto da doazón.

Ademais, a Axencia quere facer extensivo o seu recoñecemento a todos os profesionais e clientes que participaron nesta iniciativa, así como animar a todos os cidadáns a que doen sangue na campaña "Verán 2019" que esta a piques de principiar no vindeiro mes de xullo.

SAÚDOS,

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE